

Galicia en cifras. Anuario 2005
COMUNICADO

O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PRESENTA O
ANUARIO GALICIA EN CIFRAS 2005

Novidades na última edición do anuario estatístico “Galicia en cifras. Anuario 2005”

Os datos sobre novas tecnoloxías, enerxías renovables, residuos xerados polo sector industrial, superficie dos espazos naturais protexidos de Galicia, pensións non contributivas, prestación farmacéutica ou sobre a climatoloxía galega son un exemplo das novidades na obra que acaba de publicar o Instituto Galego de Estatística “Galicia en cifras. Anuario 2005”.

Ferramentas que facilitan a interpretación da información estatística


O anuario baséase na publicación dos datos estatísticos en forma tabular organizada en 16 capítulos conxugando as dimensións territorial, temática e temporal.

No entanto, cada vez máis procúrase utilizar outro tipo de ferramentas que complementen e axuden á interpretación desta inxente cantidade de cifras. Deste xeito, atópanse, ademais das táboas, gráficos e mapas dos municipios galegos.

Esta edición impresa ven acompañada dun cd-rom que ademais de poder observar a información do formato papel en formato electrónico permite a consulta temática da información cunha retrospectiva máis longa no tempo a través dunha serie de táboas multidimensionais e dunha aplicación para a elaboración de táboas personalizadas.

Lixeiro incremento da poboación de Galicia segundo as últimas cifras oficiais de poboación.

A revisión padroal amosa que a poboación galega aumentou en 5.326 persoas, un crecemento do 0,19% no ano 2006 con respecto ao 2005, situando a poboación galega en 2.767.524 habitantes o 1 de xaneiro de 2006. Cabe destacar que este aumento produciuse nas provincias da Coruña e Pontevedra, pola contra Lugo e Ourense viron diminuída a súa poboación en 1.030 e 884 persoas respectivamente.



O saldo migratorio de Galicia no ano 2005 foi de 16.845 persoas; aportando a inmigración de orixe estranxeira 19.833 persoas e a de outras comunidades autónomas 19.602 persoas. Deste modo compénsase o crecemento vexetativo negativo da poboación para este mesmo ano que foi de -8.057.

Por outro lado, os indicadores demográficos para o 2005, mostran que a poboación galega continúa coa súa tendencia a envellecer. Así a idade media da poboación é de 43,9 anos e o índice de envellecemento (relación entre la poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos) é de 130,4.

A taxa de paro en Galicia no ano 2005 sitúase nun 9,9%.

Segundo a "Encuesta de Población Activa" (EPA), a poboación parada en Galicia en 2005 foi de 124.800 parados, situando a taxa de paro nun 9,9%. Segue existindo unha gran diferenza entre sexos, pois a taxa de paro para os homes foi de 7,2% mentres que a das mulleres foi de 13,5%.

Respecto a poboación ocupada en Galicia para o ano 2005 por sectores de actividade, máis da metade da poboación pertence ao sector servizos (59%), seguida do sector industrial (19,2%), logo polo sector da construción (11,1%), e, por último, polo sector agrícola e pesqueiro (10,7%).


No ano 2005, a media de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral en Galicia foi de 997.744 persoas, o que supón un crecemento do 2,8% respecto ao ano 2004.

O PIB estimado para o ano 2005 en Galicia sitúase en 47.850 millóns de euros, cun crecemento en termos correntes do 7,5% respecto ao ano 2004.

21 de febreiro de 2007

As contas económicas de Galicia base 2000 revisada en termos correntes proporcionan un valor provisional do PIB estimado para o ano 2005 de 47.850 millóns de euros, cun crecemento do 7,5%. O PIB per cápita de Galicia foi de 17.317 € no ano 2005.

A media anual do IPC no ano 2006 foi de 117,9 e a taxa de variación das medias anuais foi de 3,5%.



A taxa de variación anual da media do IPC en 2006 foi do 3,5%, superior nunha décima ao crecemento dos prezos de consumo do ano anterior. Atendendo aos distintos tipos de bens consumidos, destacar o forte crecemento dos prezos da Vivenda (6,8%). Por encima da media están ademais os grupos: Transporte (4,4%), Hoteles, cafés e restaurantes (4,3%), Alimentos e bebidas non alcohólicas (4,2%) e Ensinanza (4,1%). O resto de grupos encóntranse por debaixo da media. Os únicos bens nos que se produce unha redución de prezos con respecto ao ano 2005 son os asociados ás comunicacións (-1,5%).

No ano 2005 entraron nos establecementos hoteleiros e de turismo rural galegos 3.679.117 viaxeiros

En decembro de 2005 as prazas ofertadas en Galicia polos 1.371 establecementos hoteleiros abertos foi de 51.049 e as ofertadas polas 437 casas de turismo rural abertas foi de 5.145. Aínda que en termos xerais houbo un aumento do 0,9% respecto a decembro de 2004, no caso dos hoteis estrelas de prata produciuse un descenso do 5,7%.

En 2005 a estancia media nos dous tipos de establecementos é de pouco máis de dous días, e o grado de ocupación é dun 35,9% en hoteis e dun 17% nas casas de turismo rural.

O número de viaxeiros entrados totais no ano 2005 en Galicia foi de 3.679.117, un 4,15% menos respecto ao ano anterior.

En 2005 descende un 7,15% o número de accidentes con vítimas nas estradas galegas respecto ao ano 2004.

No ano 2005 o número de accidentes con vítimas (mortais e non mortais) nas estradas galegas ascende a 4.742, un 7,15% menos que no ano 2004. Tamén diminuíu o número de vítimas en 534 persoas respecto ao ano anterior.

O parque de vehículos galego en 2005 conta con 1.688.840 vehículos (un aumento do 3,9% respecto a 2004), dos cales 1.333.862 son turismos. Ademais realizáronse 102.963 matriculacións, 5.808 máis que no ano anterior.

Aumenta en 10.158 o número de empresas situadas en territorio galego en 2004 respecto ao ano 2003.

No ano 2004 había en territorio galego 185.990 empresas, 10.158 empresas máis que no ano 2003. As que máis abundan son aquelas de condición xurídica dunha persoa física (o 64,4%), seguidas polas sociedades limitadas (o 26,2%). En relación a actividade que desempeñan, o 77,8% pertencen ao sector servizos, o 13,8% pertencen ao sector da construción e o 8,4% pertencen ao sector industrial e enerxético. O maior crecemento respecto ao ano 2003 produciuse nas empresas do sector da construción (un 7,5% máis), seguido do sector servizos (un 5,9% máis) e por último do sector industrial (un 2,4% máis).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/catalogo/peticioninfo.jsp?idioma=es>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>